

andando a terra

O MESTRE SILVA

Entre os persoaxes curiosos, famosos, pintorescos e populares que andaban por Lugo no que vai de século hai algunchos moi notables. Anxel Foie tón escrito cousas do tolo Montero famosísimas foron Trifón Caldereta e Pepito Chamíneas, que exercía de limpabotas na Plaza Maior e de que conserva unha vaga lembranza. Taño entencido que a pintora Xulia Mirguillón retratou a algún delas.

Da miña época de rapaz e de rapaz eran: o mestre Silva, Ramona dos Chichos, Codifa de Pan e Queixo, Luis Lorie-Lorie e o Constante, entre outros dós que non se pode esquecer ó vello Rolo e o Manuel do Lata- ría. Constante pasaba a vida no «Círculo das Artes» ou, si facía po tempo, paseando polo Parque. Cando lle declari que morrera o tolo, apañaba unhas carbóns máis grandes que a catedral. Derradeiramente xa non facía caso. Entón os que querían embromalo, falaban entre aís calqueira cousa pra rematar de- oindo con voz moi baixa, como un sopro, que morrera o tolo do Parque. Constante escoltaba moi atento. E si quería intervir na conversa non o deixaban. Daquela Constante saía súpato

como un lóstrego pra ver al o tolo morrera ou non. O comprobar que non morrera pasáballe o sa- turo.

Toda esta xente foi desapare- cendo pouco a pouco. A socie- dade foi rexeitando a estes ho- mes e mulleres, inofensivos, e rematou por pechalos nos mari- bomios que, a maior parte das veces, son unha cedeo insopor- table. A cidade á posíola que taña un aspecto máis aséptico pro tamón menos humán.

O mestre Silva, que era oscu- tante de primeiro ensino, tiña a súa escola en propiedade en Be-

gueixos, perto de Tolda de Mei- lán, case nun arrabalde de Lugo. Chamábase Daniel Silva. Anda- ba sempre moi pulido e vestía con recargada elegancia. Cubría a testa con chapeo gris, de in- verno usaba sempre un gabán azul-eléctrico e todo o ano ges- taba quantos amareiros. Era pro- pletario dunha bicicleta de ca- rreira, moi coitada, a que non lle deixaba tocar a ninguén. Nunha ocasión un compañeiro meu de barbillero, que hoxe ó inex- nién, estaba no desaparecido café sifelos, na rúa de San Mar- cos —café no que estivera o

poeta García Lorca ó seu paso por Lugo— con seus pais e co entón catedrático de Filosofía do Instituto don Glicerino Ab- barrán. Era sobre da unha de tarde.

Silva deixara a súa bicicleta na acera l'entra a no café. O rap- paz pedíalle licencia pra dar unha volta na bicicleta. Silva ne- goílla. Aberrán díxolle ó rapaz que non fixera caso e que usara da bicicleta. O mestre Silva al- porizouo todo e dixó:

—[Niña: como le toques a mi bicicleta te voy a dar una paliza que te vas a acordar de tu padre y de tu me...]

Nesto o mestre Silva tira de sombreiro e mentras le facía unha enorme reverencia a nai do rapaz, díxolle:

—Con su perdón, señora.

Declari que o mestre Silva estaba talamente namorado dunha señorita de boa sociedade luguesa. Todos os días lle escribía unha longa carta de amor que el persoalmente deixaba na casa da súa amada.

Os bromistas, que nunca fal- tan, de cando en vez facíanlle ó mestre Silva unhas homaxes, que consistían nunhas ceas con menú a base de cachelos, sar- diñas, sardiñas con cachelos e cachelos con sardiñas. O rema-

tar, o mestre Silva dicen que acababa sempre cantando o hi- no xaponés en xaponés.

Entre as grandes fondas ade- miracións do mestre Silva ocupa- ba un lugar de honra a súa pro- ferencia polo fascismo. O seu ídolo era Musolini. Según se in- portar, Silva escribía, en honra de Musolini, unhas versos que titulaba nada menos que «So- neto cuadrado al Duce, nues- tro señor» e que, ó ban visto, remataba deste xeito:

Ya llegaron, señor, los tiempos nuevos;
¡te ofrecemos los corazones y los huevos!

A palabra «huevos» portalla unha nota que decía: «Entiéndase huevos de avestruz, buenos para hacer tortillas espe- ciales para compañías de soldados y para banquetas de Consejos de Administración de Sociedades Anónimas».

O mestre Silva suicidouse, ti- rándose dando un piso da rúa Nicomedes Pastor Díaz, de Lu- go.

Lembro ó mestre Silva, sem- pre limpiño e ceremonioso, píltonco a súa bicicleta da ca- rreira polas rúas luguesas. Can- do iba en bicicleta endexamais paraba de tocar o timbre.

